



Lynn Petra Alexander

BIRAVXS

*Lyn Petra
Alexander*
(1938-2011)

Lynn Petra Alexander ou Lynn Margulis foi unha bióloga estadounidense nada en 1938, cuxas investigacións cambiaron por completo a visión que se tiña sobre o proceso evolutivo darwinista baseado en lóxicas competitivas, ao contemplar como un motor de evolución as lóxicas cooperativas que ela observou no comportamento celular. Ela descubriu por que a historia da vida na Terra mudou hai 2000 millóns de anos atrás, pasando dun mundo onde só había bacterias e arqueas, a outro onde xorde a célula complexa (eucariota) da que todos os animais e plantas estamos feitos. Este acontecemento foi debido a un suceso brusco de simbiose. Lynn foi unha bióloga teórica de notable talento, non obstante, as cousas non lle resultaron fáciles, xa que a maior parte da súa carreira transcorreu nas marxes do aceptable polos seus colegas. Margulis morreu en 2011 sen recibir o premio Nobel, pese a que o seu modelo teórico é cada vez máis utilizado en diferentes ámbitos científicos. Ela consideraba que: «A vida é unha unión simbiótica e cooperativa que permite triunfar aos que se asocian». Tamén dicía que «... o feito de que esteamos conectados a través do espazo e do tempo amósanos que a vida é un fenómeno unitario,... constituímos un sistema único con moitas partes diferenciadas... partes e totalidade están aniñadas entre si».

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo